

## O selo portugués Crónica Electrónica editará o disco do músico galego Chiu Longina

*A Europa chégase por Portugal e afondando nesta conexión, o selo portugués 'Crónica electrónica' publicará, no vindeiro abril, o traballo do músico electrónico vigués Chiu Longina, integrante do colectivo de audio e imaxe SINSALaudio e un dos músicos máis imaxinativos que deu o tecno galego.*

Chiu Longina, músico radical e efervescente, preséntase ó público con *¡SIAM ACNUM*, reflexo-espello da traxedia do *Prestige*, no que o músico de Pobra de Trives recollerá o seu traballo nun CD con *art-work* de Monse Rego e vídeos cos traballos de Flexo e Horacio G., os outros piares do Festival IFI de Pontevedra, do que Chiu é un dos seus máximos impulsores. Ese mesmo mes de abril no que el publicará a súa gravación, o IFI, precisamente encarará a súa segunda edición.

O selo portugués preséntase hoxe no club vigués Vademecwn —epicentro cultural e creativo das propostas sonoras e visuais máis avanzadas— con dúas referencias discográficas *Hard disk*, a cargo de *@c*, e *Là O— Je Dors*, asinada por Pedro Tudela, preséntase. *Crónica electrónica*, inicia deste xeito a súa andaina neste 2003, apostando decididamente pola electrónica experimental.

Sons, vídeo e grafismo contemporáneo danse a man en *@c*, unha formación do país veciño que vén presentando nos escenarios internacionais, desde o ano 1998, o seu facer na dimensión dixital.

Tralo seu paso pola pasada edición do festival IFI de Pontevedra e por citas de vangarda como o Festival *Transmediale* de Berlín, o *Offf* de Barcelona, o *t0* de Viena ou o festival *Aveiro Síntese*, Pedro Almeida, Pedro Tudela e Miguel Carvalhais —os activistas musicais e plásticos que se agochan atrás desta críptica sigla da *computer music*— chegan a Vigo xunto a Lia, nome dunha artista e deseñadora de referencia no eido internacional, autora de moitas das portadas do selo *Mile Plateaux*. Minimalismo dixital, pescuda de materiais sonoros, apropiacionismo, ambientalismo, dub, ruído, baixos orgánicos, microsóns e *chill-out* medrarán esta noite, a partir das 12:30, sobre unha tea visual en sincronía, nunha xornada de *baile horizontal e vertical*, á que se accederá cunha entrada de cinco euros, que inclúe, de balde, o CD de *@c+Lia*.

Horas antes, ás 19:30 no local do selo *SINSALaudio* (Galerías Príncipe) de Vigo, *@c* e Pedro Tudela ofertarán un concerto gratuito para dar a coñecer ó público galego os novos rexistros de *Crónica electrónica*.

Precisamente Pedro Tudela é autor do segundo dos CDs editados, *Là où je dors*, banda sonora dunha peza de danza contemporánea de Isabel Barros, gravada en Porto en 2002. Artista plástico (expón actualmente no MARCO vigués) e profesor da facultade de Belas Artes da Universidade do Porto, o traballo de Pedro Tudela fica no [www.virose.pt/tudela](http://www.virose.pt/tudela).

SANTIAGO  
Redacción

Publicado o 25/01/03 en "El Correo gallego"

Link: <http://www.elcorreogallego.es/periodico/20030125/cultura-sociedad/n166610.asp>